

1621: A RECONSTRUCCIÓN DA PONTE MEDIEVAL DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

César Candelas Colodrón

Hai tres anos foi publicado pola editorial Toxosoutos un estudo da miña autoría sobre a fundación da vila medieval das Pontes. Como non podía ser doutro xeito, adicábaselle naquel traballo un capítulo especial á chamada Ponte dos Ferros ou Ponte Vella, xermolo daquela vila e fito fundamental no camiño que atravesaba por ela o Eume polo seu curso medio, camiño que formaba (e forma) o eixo estrutural do urbanismo, aínda hoxe tan facilmente recoñecíbel, daquela antiga vila. Considerando a enorme importancia que ten esa ponte na historia da Vila, o seu vínculo á mesma, o seu carácter de documento vivo e arqueolóxico á vez e, convencido de que a súa historia é a da orixe da propia Vila, trataba alí de reconstruíla, iso si, a través do seu aspecto e características, xa que até día de hoxe carecemos de documentos escritos nos que apoiarnos para debuxar a súa fundación e orixe.

Trátase dunha ponte de perfil alombado, de dous ollos, de 7'20 e 10 m. de largo cada un deles, unha obra de cantería onde predominan o ollo de sapo (*gneis ocelar*; a pedra característica da arquitectura pontesa) e a lousa, con certos elementos de granito. No catálogo *Pontes Históricas de Galicia* (ALVARADO BLANCO, 1991), descríbese como medieval, do século XIII, datación que coincide coa que se dá na obra *Arquitecturas da Provincia da Coruña* (SORALUCE BLOND, 1997). Hai que sinalar que estas datacións, a falta de documentos escritos, están calculadas a partir do seu aspecto e características, algo que no caso dunha ponte, obra eminentemente funcional e necesariamente decenas de veces arraxada e retocada, é moi arriscado. Neste sentido, digamos que as características que permitirían identificar unha ponte como medieval son: que os arcos sexan apuntados¹, con ausencia de

1. ARRÚE e MOYA (1998, páx. 100), documentan na Rioxa que a maior parte das pontes apuntadas son do XIII e do XIV, mentres que AZKÁRATE e PALACIOS (1996, páx. 46) fan o propio en Álava, sinalando que 13 das 16 pontes con arcos apuntados da provincia son do XV, á vez que amosan o arriscado da datación dunha ponte polo seu aspecto ao constatar que un dos outros tres foi construído nunha data tan serodia coma o século XIX. Indo un pouco máis aló, LEÓN e BAUDER (1999), páx. 26, falando da Ponte de Nevilly, chegan a sinalar que moitos destes arcos apuntados poderían ser resultado máis dunha mala resistencia dos acimbres (que tenderían a subir en clave debido á presión exercida sobre os riles durante a construción), que dun deseño planificado.

arcos de medio punto; presenza de tallamares afiados e longos sen defensas a popa; unha relación piar-vano moi baixa (1/2, aprox.); aparello moi pobre de cachotería, reservando pedras de cantería para o arrinque dos arcos; utilización de laxas pouco desbastadas nas rosas dos arcos; e un perfil alombado, pero non moi marcado. Podería ser, efectivamente, un retrato da Ponte dos Ferros. Pola súa banda, no século XVII (cando a reparación da que aquí imos tratar), a construción é practicamente igual, exceptuando o feito de que desaparecen os arcos apuntados (AZKÁRATE e PALACIOS, 1996, páxs. 85-100).

Á marxe destas características, que comparte coas outras pontes medievais, a Ponte dos Ferros ten como característica distintiva a de ser unha estrutura cunha marcada asimetría. Son, efectivamente, dous vanos de distinto largo, distinta altura, distinta forma e, tamén, distinta factura. O vano que se abre na marxe dereita do río, aquela na que se fundou a Vila, é máis pequeno e baixo, de medio punto, mentres o da esquerda é lixeira máis claramente apuntado, e máis amplo. Ese lixeiro apuntamento é un dos datos que apoian, como se acaba de dicir, a orixe medieval da ponte. É sobre a clave da bóveda de este último arco onde se atopa o vértice do taboleiro alombado, vértice que está polo tanto desviado á esquerda do eixo de simetría da ponte, que viría marcado aproximadamente polo piar central e por un tallamar triangular moi apuntado que se apoia na ponte ocupando a práctica totalidade da superficie dese piar único, o que soporta o peso das bóvedas dambolos dous ollos. Sinalaba no meu traballo que esta asimetría non era caprichosa, senón que se debía á necesaria adaptación deste tipo de construcións ao medio natural no que se localizan, neste caso, á saída dunha curva do río, o que provoca que pola parte exterior da mesma (aquí a marxe esquerda) se acumule un maior caudal de auga e que esta acade unha maior velocidade, feitos que se agravan en situacións de enchente. Esta circunstancia tería provocado tamén unha erosión diferencial do álveo, de xeito que este é máis fondo (e polo tanto a beira máis alta) nesta marxe esquerda que na dereita, onde polo contrario se irán depositando os sedimentos. Deste xeito, a asimetría da Ponte dos Ferros quedaría totalmente xustificada: o seu gran vano esquerdo permite o paso dunha meirande cantidade de auga, á vez que a situación excéntrica do vértice da calzada permite que a pendente da mesma cara á marxe dereita, a máis baixa, sexa máis longa e polo tanto máis suave. Tamén hai que ter en conta a constatación experimental de que unha bóveda é máis segura canto meirande sexa a altura con relación ao largo, xa que a altura reduce a presión horizontal sobre os alicerces, o que fai que a elección dunha bóveda apuntada neste caso teña que ser considerada coma un acerto.

Pero esta asimetría vai máis aló da desviación do eixo de simetría da Ponte, xa que despois dunha atenta observación das características da mesma, non resulta difícil ver que nos enfrontamos a dúas estruturas distintas asociadas a cada un dos arcos, xa que distintos son o seu tamaño (7 m. fronte a 10, aproximadamente), a súa forma (medio punto unha, apuntada a outra), o seu acabado (moi coidadoso o da bóveda pequena, máis des-

coidado o da grande), o seu sistema de construción (os acimbres soportáronse por medio de viguetas incrustadas no arco grande e por medio de repisas no pequeno) e a estrutura do arrinque (coas doelas da bóveda maior incrustada no piar e no estribo, e simplemente apoiadas neste ás do arco pequeno). Tendo en conta todas estas diferenzas, non dubidei en afirmar naquel traballo que ambas estruturas foran feitas en momentos distintos e, seguramente, por diferentes mans (CANDELAS COLODRÓN, C. 2007, páx. 69). Apoiei definitivamente a miña hipótese na existencia augas abaixo, e moi preto do arrinque do arco apuntado, dun corte vertical rectilíneo desde o chan até aproximadamente a altura do arco máis pequeno, liña que sinalaba, ao meu xuízo, o punto a partir do cal se separaban as dúas estruturas que conforman a ponte². A aparición dunha acta notarial do século XVII, esta da que a continuación imos falar, na que se recolle a posta en marcha da reconstrución total do arco pegado á Vila, así como do piar central, logo dunha forte avenida, veu corroborar todo isto que xa nos contaban as pedras da vella ponte.

Temos que sinalar que a importancia deste texto é dobre: por un lado, axúdanos a reconstruír a historia da Ponte dos Ferros (e por tanto e dalgún modo a historia das Pontes); por outro, axúdanos tamén a coñecer un pouco mellor o xeito no que se levantaban estas estruturas. Seguindo este texto e apoiándonos noutros documentos coevos que tratan temas análogos (xeralmente trátase tamén da construción e/ou reconstrución de pontes) trataremos de analizar a continuación o proceso que nel se nos relata.

1. ANTECEDENTES

No 1621, o arco da marxe dereita, o que se apoiaba contra a Vila, estaba totalmente destruído, probabelmente como resultado dunha enchente do río anos atrás³. O Concello das Pontes vería a necesidade de erguer alí mesmo outro novo arco que permitira restabelecer o tránsito normal por aquela vía, e poñería en marcha o procedemento normal nestes casos, no que o alcalde comezaba por solicitar ao Consello de Castela (que era o alto tribunal encargado de vixiar, entre outros asuntos, todo o relativo ás pontes) o permiso para o inicio das obras. Este enviaba o requirimento á Real Audiencia para que establecera a necesidade e conveniencia dos traballos mediante consulta a peritos e testemuñas, volvendo de novo os informes ao Consello para que este tomara unha decisión en firme.

2. Ao estar este corte moi próximo ao arco apuntado, tanto que significa que nalgún momento todo o piar central desaparecera deixando ese mesmo arco sen ningún apoio, dubidaba naquel traballo de que aquel puidera sosterse en pé durante moito tempo sen piar central, o que, malia a evidencia, facíame ser prudente naquela afirmación. Non obstante, o arco que queda da Ponte de Bitorika en Llodio, cuns vano e altura superiores aos da Ponte dos Ferros, sostense apoiado no estribo e sen piar central, e sabemos que o mesmo pasou na de Katuja, en Llodio tamén, que tivo unha reparación practicamente igual á da Ponte dos Ferros (AZKARATE e PALACIOS, 1996, páxs. 145-147). Isto demostraría que a interpretación dese corte vertical como punto de separación das dúas estruturas sería correcto, xa que o arco apuntado podería ter resistido tempo e tempo sen un piar central.

3. ARAMBURU-ZABALA, (1992, páx. 65), sinalan que no bienio 1589-1590 tiveron lugar varias enchentes catastróficas na Meseta Norte, concretando varias delas na zona de Asturias .

Se esta era positiva, ordenábase ao Concello a posta en marcha das “*posturas e remates*” (o que hoxe chamaríamos concurso para a adxudicación das obras) e que fixara o procedemento de financiamento mediante repartimentos ou “*sisas*”⁴. A obra pregoábase e facíanse as “*baixas*” (ofertas), que o Consello aprobaba ou non, abríndose nese caso un novo prazo para máis propostas. Cando algunha delas era aceptada, era enviada ao corredor para que este publicara as condicións e fianzas preceptivas. As garantías esixidas ao canteiro no que “*remataba*” a obra (o adxudicatario) incluían a hipoteca dos seus bens, os da súa muller e os dos seus fiadores polo valor do “*remate*”, así como a “*información de abono*” (fe da súa solvencia por parte do alcalde da vila da que era veciño). Todo isto volvía ao Consello para a súa aprobación definitiva e para que comisionase á Audiencia para que se encargase da intervención prevista. (FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A., 2004, páx. 28-29, e ARAMBURU-ZABALA, 1992, páx. 28-29).

2. O TEXTO

Con estes trámites comeza o noso texto, que nos di que un tal Pedro de Vilar, canteiro de S. Pedro de Loira (Valdoviño), declara diante do alcalde das Pontes, Juan Freire de Andrade (nome de amplas resonancias na comarca) e outras testemuñas, que foi requirido polo procurador xeral da Vila e outros homes do cabido para que visitara o lugar onde se tiña que facer e reconstruír a ponte, que fixera os planos e que detallara as condicións para facer a reparación. Aclárase que todo iso lle foi notificado polo propio escribán, nun auto que mandou facer o referido alcalde (fol. 226 r., 1-13)⁵. Continúa o texto dicíndonos que este perito (o tal Pedro de Vilar) fixo o seu traballo e, que despois de visitar o lugar, fixo a traza segundo a cal se tería que facer a obra (é dicir, os planos, que se aclara que o alcalde e notarios tiñan diante naquel intre), con dous arcos e un piar no medio, (fol. 226 r., 13-18). A partir de aí, o documento pasa a detallar os traballos a facer e as condicións segundo as cales “*el maestro o maestros en quien se rematare la obra de la dicha puente*” debería facelos (fol. 227 r., 1-6). Antes de entrar neses detalles, coido que non estaría de máis sinalar como se facía o “*remate*” ou adxudicación das obras naquel momento. Ao non constar ese trámite no noso texto, botaremos man dun documento da Real Audiencia (ARG., leg. num. 1062, fol. 132v-134r), referente ás obras de reconstrución da Ponte Romana de Ourense de finais do século XVI e recollido por PÉREZ RODRÍGUEZ, Fernando (1999, páx. 37), onde si que se explicita tal procedemento, moi similar ao que se seguiría nas Pontes no 1621.

4. A partir de 1575 estableceuse que debían cargar cos gastos non só os veciños da vila onde se levaba a cabo a obra, senón que se establecía un círculo imaxinario cun radio de X leguas e todas as poboacións incluídas nel debían colaborar cos gastos. (IDEM, páxs. 27-28).

5. Ao final deste artigo está o texto transcrito do documento ao que se refiren estes reenvíos.

Cóntase que no caso ourensán, despois de que os mestres canteiros foran presentando as súas propostas, o pregoeiro público deu a coñecer a última delas en presenza dos mesmos mestres, oficiais e doutras persoas, e que ao non haber quen poxase á baixa, colgou o pregón no que se sinalaba que visto polo oidor que non había máis propostas, a poxa “*remataba*” no que fixera a mellor oferta. Despois, e publicamente, o “*rematante*” comprometeuse a seguir fielmente as condicións tratadas e impostas. O documento ía asinado polo oidor e o “*rematante*”, estando presentes un fiscal da súa maxestade, e o procurador xeral da cidade. Era moi habitual que este tipo de poxa se realizara polo procedemento de “*subhasta a candea*”, no que as poxas se facían durante o tempo no que ardía unha candea colocada nun lugar público e visíbel. Esgotada a mesma, remataba o tempo para poxar. Así sucedeu por exemplo na adxudicación das obras da ponte de Sangüesa sobre o Aragón (MENDIOLA, J. C. páx. 626, “Historia del puente de Sangüesa sobre el Aragón” en *Revista Príncipe de Viana*). Non hai razóns para dúbida de que, no caso das Pontes, os feitos tiveron que ser moi semellantes ao aquí relatado.

Continuando co noso texto, este concreta que a obra de reconstrución consistiría en: refacer o estribo e o tallamar do medio, para o que habería que reformar a estrutura o que fora necesario; en construír o arco de medio punto pegado á Vila; en facer o piar do medio; e en arranxar a calzada de toda a ponte. Isto expón ben ás claras que o arco da marxe dereita estaba totalmente derruído, e que había que erguer un novo. Tamén detalla outras condicións da obra, como o feito de que os materiais para a obra correrían por conta do mestre canteiro, podendo, iso si, aproveitar a pedra que atopara alí mesmo (“*despoxos da obra*”, di o texto, moi probabelmente a pedra do arco anterior agora arruinado). Así mesmo sinala que as obras deberían ser vixiadas por dous técnicos, un nomeado polo Concello e outro polo propio canteiro, que recibiría tamén un adianto dun terzo da paga para comezar a obra.

3. AS OBRAS

A primeira parte da que se fala é a do piar e do tallamar a el asociado (“*acer y rreficar el estribo y taxamar del medio*”). Para iso fala de “*desbaratar todo lo que fuere necesario para remedio y fortificación del edificio*”, e de “*adrezar y socialzar⁶ el tallamar*”, o que dá a entender que a obra requiría dun saneamento e reforma moi importantes. Non obstante, da vella ponte aínda resistía o arco apuntado da marxe esquerda (como imos ver) e é de supoñer que tamén resistiría unha parte importante do piar central, necesaria, inda que non imprescindible, para o sustento do referido arco vello. Na marxe dereita, pegada á Vila, onde se van facer o novo arco e un novo estribo, dedúcese do documento que naquel momento non había nada, probabelmente porque a estrutura pétreo prece-

6. “Reforzar por la parte inferior un edificio o muro que amenaza ruína” (*Diccionario de la RAE, 1937*).

dente estaría totalmente arruinada (como dixer, coído que esa “*pedra que ay de despojos de la obra*” que se pon a disposición do mestre canteiro neste documento debía pertencer á estrutura arruinada) e que probabelmente estaría sendo substituída, de xeito máis ou menos provisional, por outra de madeira (“*es condición que se a de cortar la rrama que esta en la dicha puente*”), tal como sabemos que sucedeu na mesma ponte e no mesmo arco cando este volveu caer uns 150 anos despois.

A obra comezaría pois co derrubamento da parte do piar que se considerara feble, arruinada ou, en todo caso, pouco fiábel para apoiar a nova estrutura (aquí podería estar a explicación ao corte vertical do que se falou máis arriba). A intención era chegar ao cerne do piar, a un punto firme no que apoiar o estribo do novo arco. Comezaría entón a construción deste estribo cuns novos alicerces a base de pedra perdida (“*aconpanado de mucha cantida de piedra [sic] perdida*”), isto é, depositando no álveo do río pedras de gran tamaño até crear unha plataforma estábel sobre a que comezar a edificación, tal como se fai nos diques dos portos. O novo estribo faríase, como era común a todas as obras deste tipo, de “*buena y fuerte mampostería asentada en cal*”, reservando a cantería para aquelas partes onde fora estritamente necesario, neste caso, para a aresta do tallamar (“*que la aresta de la parte de arriba a de ser de cantería con taxamares que corran de una parte para otra*”), xa que era a que debía recibir e resistir toda a forza da auga. Para reforzar esta resistencia, a obra debía ser cuberta até onde chegaba o golpe da auga (máis adiante se especifica unha altura de “*vara e media*”, uns 130 cm.) “*con buen batun⁷ [sic]*”, e utilizando como argamasa unha mestura que se especifica que debía ser de cal e area a un 50%. Por riba desa liña, no seco, a argamasa debía rebaixar a proporción a dous terzos de area e un de cal. Máis adiante, o documento reafirma a necesidade de que o tallamar estivese ben reforzado (“*muy bien asentado en cal con buena piedra [encima de “piedra”: de cantería]*”) e que debía facerse semicircular, non triangular como ao parecer se tiña pensado nun principio (“*es condición que el taxamar de la parte de arriba que se abia de acer de hesquina viva se aga en rredondo*”). O tallamar que hoxe vemos remata en ángulo, pero non podemos saber se é que finalmente prevaleceu o criterio primitivo ou é que o que o actual xa non é ese do século XVII, o cal é moi posíbel.

Rematado o novo tallamar e o tamén novo estribo do piar, compría facer o novo arco. No texto utilízase o termo “*fundar*”⁸, que fai sen dúbida ningunha referencia a un

7. É dicir, con betume, que era unha masa feita de cal, aceite, tella moída, escouras e outros materiais, que servía para afirmar as pedras e ladrillos entre si nas obras que estaban metidas na auga, tal como se describe nun documento referente á Ponte Romana de Ourense recollido por PÉREZ RODRÍGUEZ (1999), páx. 152, no que se le: “*o reboco farase con cal engadín-dolle escoria, area e batida con auga e aceite para que sexa un reboco máis firme e de máis calidade*”. O uso dese material queda testemuñado tamén noutros documentos da época, como por exemplo: “*...los treinta y un reales que se gastaron en plomo, betun, azeite y otros materiales para efecto del adreço de los canales*” (GOY DIZ, A. (2000), páx. 383, doc. 699) ; ou neste outro texto referente á Ponte de Alcántara recollido por ARAMBURU E ZABALA (1992, páx. 46): “*...no se muestra ningun betun de cal ni arena salvo que por las partes de dentro es toda ligada con barras de hierro y azero...*” .

8. “Echar los cimientos a una casa, Templo o Ciudad u otro edificio” (*Diccionario de la RAE*, 1732).

levantamento ou construción desde os alicerces. Xa vimos como pola parte do piar o documento especificaba que se fixera así, polo que tamén tivo que facerse do mesmo xeito pola parte que daba á Vila. Estoutro estribo, “*arrimado contra la cerca y puerta de la villa*”, estaba asentado sobre a terra firme e (debeuse estimar que) non necesitaba maior asento (non se fai aquí referencia á pedra perdida) nin maior largo (tería “*seys pies de grueso*”, o que equivalería a 180 cm. aproximadamente). Non se trataba máis que de facelo de xeito que favorecera o paso da auga facendo o menor atranco (“*rrevuelto con sus tallamares como mejor conviene a la despediente del agua y provecho de la obra y edificio*”), e de trabalo, como correspondía, ao novo arco (“*y acer el pilar asta enxargar*” [ilexible: un? el?] arco de *seys pies de grueso*). Sabendo como sabemos que este arco resultou arruinado algún tempo despois, non debemos desbotar a posibilidade de que a causa desa caída, entre outras cousas, fora a febleza deste estribo, carente segundo o documento de mansardas e moi exposto polo tanto á erosión da terra que o soportaba e ás naturais variacións do leito do río (AZKARATE e PALACIOS, 1996, páxs. 55-56).

Feitos os estribos dunha e outra parte, comezaría a construción do arco propiamente dito. Este faríase “*con todo ueco que se le pudiere dar*”, sen especificar nada máis, consciente o mestre canteiro de que en todo caso moi largo non ía ser, e que neste punto non habería ningún problema para construílo. Dise que a bóveda tiña que ser de canón (“*a vuelta de medio punto*”), e feita de “*pedra de cantería labrada a punta de picon*”. A obra continuaríase coa construción dos tímpanos con cachotería e argamasa e a disposición do recheo (“*y de allí arriba asta el losado de la puente aorrado*¹⁰ *con buena mampostería y dos tercias de arena y una de cal*”) sobre os cales se disporía a calzada feita con grandes lousas (“*y enriba losado con buenas piedras llanas*”). Para remate da obra semella que tamén sería precisa a reparación da calzada sobre o arco da marxe esquerda, chamado aquí o arco vello (“*y rredificar y acer de nuevo el prepiano nuevo de sobre el arco viexo*”). É difícil saber á que se refire este “*prepiano*” (moi probabelmente “perpiaño”), pero baseándome noutros textos da época é moi posíbel que se estea a referir aquí o documento ao peitoril da ponte. O largo dese “*prepiano*” (1’5 pies, uns 40 cm. escasos) indica que así podería ser¹¹.

9. “Enjarjar : Acción y efecto de trabar un muro u otro elemento constructivo”. DE HOZ ONRUBIA, J. (et al.) (2003) *Diccionario de construcción tradicional Tierra*. San Sebastián, Nerea.

10. Esta expresión (“aorrar” ou “aforrar”) lese en numerosos textos da época neste mesmo contexto e similares, como en “*las duelas de la puente por la parte de dentro seran por lo menos de dos pies de cola que queden bien ligadas con los aforros y cepas de los pilares*” GOY DIZ, A. (2000), pág. 125, doc. 100.

11. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A. (2004, pág. 35) sinala que na antiga ponte gótica de Pontedeume os peitorís tiñan un pé de largo, o que encaixaría con esta descrición. Noutros textos da época pódese ler: “con su parapeto de perpiaño por los lados de buen grano repartido en dos yladas una sobre otra que benga a tener de altura una bara y de ancho una tercia” (uns 30 cm.) ou “Y el dicho antepecho desde el dicho suelo ollado asta el principio de la luz de dicha ventana tendra de grueso los mesmos dos palmos y quatro dedos, y porque no abra perpiaño de tanto grueso sea de dos yladas” (GOY DIZ, Ana, 2000, páxs. 126 e 167, resp.).

O resultado da obra había ser un novo arco na marxe dereita, un novo tallamar, e o reforzamento da calzada e dos peitorís, dando á Ponte dos Ferros un aspecto moi distinto ao que hoxe ten. Polo que respecta ao aspecto que tería antes da reforma, o único que podemos deducir polo texto é que o tallamar preexistente debía ser “de esquina”, distinto do que no texto se di que se vai construír, xa que este novo debía facerse redondeado para evitar que as ramas e troncos que traían as enchentes quedaran trabados nel exercendo unha meirande presión da prevista. Non é difícil colixir que neste caso se nos está a falar dunha experiencia, dunha certeza, dun defecto a corrixir, máis que dunha simple hipótese de futuro. Coido que este novo tallamar redondo viña a corrixir un defecto da anterior ponte, xa que supoño que consideraron que a aresta do antigo tallamar fora en parte culpábel do colapso do arco. O aspecto do resto da ponte medieval, a anterior a esta reforma da que falamos, é, polo momento, imposíbel de establecer. Respecto ao que hoxe vemos, unicamente o arco actual, tamén de medio punto e coas súas arestas traballadas a “*punta de picón*”, poden lembrar aquela vista. Dos peitorís e da calzada, nada queda. Xa se sabe que volveu caer uns 150 anos despois, polo que tampouco podemos establecer a factura do arco reconstruído a principios do XVII máis aló do que acabamos de ler.

Do que si debemos estar seguros é de que a Ponte dos Ferros é a historia viva (si, viva) da Vila das Pontes, con seguridade o fito fundacional da mesma, e de que como tal debería ser tratada. O feito de que dende hai máis de 40 anos non teña que soportar aquelas terribles enchentes das que aínda dan mostra algunhas fotografías (así como do valor e confianza que naquela estrutura tiñan algúns veciños), non quere dicir que vaia estar en pé eternamente sen intervencións de ningún tipo. Se caeu polo menos 2 veces (e puideron ser algunha máis), pode volver suceder. Tal vez non pola presión da auga (que tamén), pero si pola colonización vexetal (árbores incluídas), polas filtracións de auga debidas ao mal estado da calzada e a referida colonización, ou (e sobre todo) polo paso continuo de vehículos, incluso pesados, males todos eles fáciles de arranxar e solucionar de xeito inmediato e cun custo ridículo. E o descoido da propia ponte esténdese ao contorno da mesma, é dicir, ao cerne da nosa historia.

4. APÉNDICE

TRANSCRIPCIÓN DO PROTOCOLO NOTARIAL Nº 157 DO ESCRIBÁN JUAN DA PENA

(ANC, Secc. Ortigueira, fol. 226 r. e ss.)

Escritura de tra //zas y condici // ones para la // puente de la villa // de las Puentes.

[fol. 226 r.] [1]* En la villa de Las Pu [2] entes de García Rodríguez a diez días [3] del mes de agosto de mil [4] y seis cientos y veinte y un [5] años ante Juan Freire [6] de Andrade alcalde or [7] dinario de la dicha villa de las [8] Puentes de García Rodríguez y su jur [9] [is]dicio[n] y ante mi escribano y [10] testigos pareció pre [11] sente Pedro de Vilar [12] maeso de canteria y vecino [13] de la feligresía de San Pedro de Loy [14] ra jur[is]dición de la villa [15] de Cedeira y dixo que [16] por quanto el abia [17] sido buscado por el [18] procurador xeneral [19] y onbres de cabildo [20] de la dicha villa de las Pu [21] entes de García Rodríguez y su jur[is]di [22] cion y por su merced el [23] dicho alcalde para que [24] viesse y visitase el [25] sitio y lugar donde se a [26] bia de aser y redeficar [fol.226 v.] [1] la dicha puente en el [2] sitio que mas conbe [3] nia y que diese la tra [4] za y condiciones con [5] que se abia de aser y rre [6] deficar la dicha puen [7] te y que eso mesmo [8] oy dicho día su merced el [9] dicho alcalde le abia [10] mandado por auto [11] que se le notifico [12] por mi escribano y [13] el en cumplimien [14] to de todo ello abia [15] visto la dicha puente [16] y ocupadose en ello el [17] tiempo que para ello [18] fuera necesario y a [19] bia sacado la tra [20] za por donde se a [21] bia de aser y rredefi [22] car la dicha puente co [23] mo parece de la dicha [24] traza de que yço pre [25] sentacion delante [26] del dicho alcalde y de mi [27] escribano según [28] esta asenalada con [29] dos arcos en la planta [30] y un pilar en el [31] medio con las con [fol. 227 r.] [1] diciones siguientes [2] primeramente es con [3] dición que el maestro o [4] maestros en quien se [5] rematare la obra de [6] la dicha puente a de acer [7] y rredeficar el estribo [8] y taxamar del medio [9] y desbaratar todo [10] lo que fuere nece [11] sario para rremedio y [12] fortificación del e [13] deficio y este pilar [14] y taxamar a de ser a [15] sentado con buen ba [16] tun y mecla de cal [17] y arrena argamasada [18] y bueno asta salir del [19] golpe del agua la [20] mitade cal y la mi [21] tade arena y desde a [22] lli arriba dos tercias [23] de arena y una de cal y es [24] condición que la [25] aresta de la parte de rriba [26] a de ser de canteria con ta [27] xamares que corran [28] de una parte para otra y lo [29] demas de buena y fuer [30] te mampostería asen [31] tada en cal como dicho [32] es y es condición que [fol.227 v.] [1] a la parte de la [2] villa se a de fundar un [3] arco y acer el pilar [4] asta enxargar [ilexible: un? el?] arco [5] de seys pies de grueso [6] y muy asentado en cal [7] y

*Os números entre corchetes indican o número de liña no texto orixinal.

arena y arrimado con [8] tra la cerca y puer [9] ta de la villa y rrevu [10] elto con sus tallama [11] res como mejor convi [12] ene a la despediente [13] del agua y provecho [14] de la obra y edificio [15] y alli se a de acer un arco [16] con todo ueco que se le [17] pudiere dar y la vu [18] elta del arco a de ser [19] de piedra de canteria [20] labrada a punta [21] de picon a vuelta [22] de medio punto y [23] de alli arriba asta [24] el losado de la pu [25] ente aorrado con bue [26] na mampostería [27] y dos tercias de arena [28] y una de cal y enriba [29] losado con buenas [30] piedras llanas y [31] el prepiano de to [fol. 228 r.] [1] da la puente se a de [2] acer de un pie y medio de [3] grosso mui bien asentado [4] en cal y por riba [5] con buenas piedras de [6] mampostería bien a [7] sentadas en cal y es [8] condicion quel mae [9] so o maesos en quien [10] se rrematare la obra [11] a de adrezar y socalzar [12] el tallamar de aque [13] lla parte el rrio de mane [14] ra que quede seguro [15] y rebocado en cal [16] por donde fuere ne [17] cesario y rredificar [18] y acer de nuevo el pre [19] piano nuevo de so [20] bre el arco viexo y [21] es condicion que el [22] maeso o maesos en [23] quien se rrematare la [24] dicha obra a de buscar to [25] da la pedreria asi [26] de canteria como de [27] mampostería y to [28] da la cal y arena que [29] fuere necesario para [fol. 228 v.] [1] la dicha obra y made [2] ra para andamios [3] y cinbres del arco [4] y es condicion que [5] de toda la piedra [6] que ay de despoxos [7] de la obra sean del [8] maeso y se pueda [9] aprovechar della [10] y es condicion que [11] esta dicha obra se a [12] de acer a vista de o [13] ficiales uno nom [14] brado por el conce [15] jo y otro por el ma [16] eso en quien se rre [17] matare la obra [18] y es condición que [19] se a de cortar la rrama [20] questa en la dicha puente [21] y que en la parte del [22] pilar del medio [23] de la puente se a [24] de acer un estribo [25] con buena fortifi [26] cación y a conpa [27] nado de mucha can [28] tida de pieda (sic) per [29] dida para rreparo del [fol. 229 r.] [1] dicho edificio y es con [2] dición que el taxamar [3] de la parte de rriba [4] que se abia de acer de hes [5] quina viva se aga en [6] rredondo muy bien a [7] sentado en cal con [8] buena piedra [encima de piedra: de canteria] de ma [9] nera que los palos [10] y madera que venga [11] por el rrio avaxo no pue [12] dan asir y se despidan [13] por el rrio abaxo para que [14] no agan dano en la [15] dicha puente y esto to [16] do se a de acer y rredefi [17] car por orden y cuen [18] ta del maestro o maes [19] tros en quien se rrema [20] tare la dicha obra y es [21] condicion que al [22] maestro en quien se [23] rrematare la obra [24] le an de dar para el pren [25] cipio un tercio de la [26] paga y las demas pa [27] gas se an de yr aciendo [28] como se fuere aciendo [29] la dicha obra asta com [fol. 229 v.] [1] plimiento de todo [2] ello y se entien [3] de que lo que hes [4] que a de yr asenta [5] do en medio cal y are [6] na que a de ser bara [7] y media de alto en [8] donde se hempeçare [9] y de alli arriba co [10] mo dicho es y tenes [11] condicion que [12] el maestro o maes [13] tros en quien se rre [14] matare la dicha obra [15] la ha de dar echa den [16] tro de un ano y me [17] dio conpliendo [18] con el las pagas [19] conforme las con [20] diciones arriba dichas [21] y estas son las condi [22] ciones con que se a de [23] rrematar la dicha obra [24] en la persona o per [25] sonas en quien se rre

[26] matare la dicha pu [27] ente y en testimo [28] nio de lo qual otorgo [29] dello la presente [30] escritura de condi [fol. 230 r.] [1] ciones y traza an [2] te su merced el dicho alcalde [3] y de mi escribano y testigos en cuyo [4] registro lo firmo de su [5] nonbre estando [6] presentes por testigos Juan [7] Perez de Solloso y Sebas [8] tián Gonzalez cura del [9] dicho lugar y villa de las puen [10] tes y fdo. rr^o vecinos de la dicha [11] villa y su [ilexible] escribano doy fe [12] conozco al dicho otor [13] gante y el dicho alcalde [14] lo firmo de su nonbre [15] vala lo testado ao di [16] ce digo vala lo entre ren [17] glones ao dice de can [18] teria.

5. BIBLIOGRAFÍA

- ALVARADO BLANCO (1991) *Pontes históricas de Galicia*. A Coruña, COECCP.
- ARAMBURU- ZABALA HIGUERA, M. A. (1992) *La arquitectura de puentes en Castilla-León: 1575-1650*. Valladolid, Junta de Castilla-León.
- ARRÚE UGARTE, B. e MOYA VALGAÑÓN, J. G. (1998) *La Rioja: catálogo de puentes anteriores a 1800*. Logroño, Instituto de Estudios Riojanos.
- AZKARATE GARI-OLAUN, A. e PALACIOS MENDOZA, V. (1996) *Arabazo Zubiak- Puentes de Alava*. Vitoria, Eusko Jaurlaritza.
- CANDELAS COLODRÓN, C. (2007) *Urbanismo medieval galego: a fundación das Pontes*. Noia, Toxosoutos.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A. (2004) “A antiga ponte gótica sobre o río Eume en agosto de 1721: algunhas precisións documentais e un debuxo inédito de Fernando de Casas y Novoa. En: *Cátedra*, 11, páxs. 27-40.
- GOY DIZ, A. (2000), *A actividade artística en Santiago, 1600-1648*, 2 tomos. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LABEAGA MENDIOLA, J. C. (1992) “Historia del Puente de Sangüesa sobre el Aragón” En: *Revista Príncipe de Viana*, 53(197), páxs. 617-683.
- LEON, J. e BAUDER, E. (1999): *La construcción de un puente en el siglo XVIII: el puente de Nevilly, Jean-Rodolphe Perronet*. Madrid, UPM.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F. (1999) “Las obras de reforma del puente romano de Ourense en la segunda mitad del siglo XVI.” En: *Boletín Auriense*, XXVIII páx. 135-153.
- SORALUCE BLOND (1997) *Arquitecturas da Provincia da Coruña: Comarca do Eume*. A Coruña, Diputación Provincial.